

## ANOTACIÓNS ESPECÍFICAS PARA A MATRÍCULA DO CICLO DE GRAO SUPERIOR: FORMACIÓN PARA A MOBILIDADE SEGURA E SUSTENTABLE

A información para cada módulo da *posibilidade de validación ou exención* e tamén se hai *requisito* para cursalo.

Poderase validar os módulos sen facer inscrición, aínda que é necesario indicar na aplicación que se vai facer. O momento de indicar cales son validables ou exentos, será ao realizar a matrícula, cubrindo a solicitude correspondente.

Para aquelas persoas que obteñan a validación ou exención nun momento posterior a matrícula, deberán optar por unha das tres opcións:

1. Realizar inscrición do módulo e solicitar a validación antes do 20 de outubro.
2. Realizar inscrición e matrícula e validación a través de probas libres en maio do seguinte curso.
3. Realizar Matrícula no mes de xuño do ano que ven e solicitar validación na secretaria do centro

Nota: É importante non inscribirse en módulos que non se cursen por existir un límite de 10 módulos e 1000 horas.

Para os módulos formativos a cursar, por non poder validar ou ter exención, débese facer reserva de praza (Inscrición) e matrícula: <https://cifpportovello.gal/contenidos/70/admision-e-matricula/>

O *módulo de Proxecto Intermodular* realízase á vez que as prácticas na empresa. Está por regular esa parte e darase información cando se dispoña da mesma.

Na modalidade de Adultos estas prácticas poden realizarse unha vez superados tódolos módulos profesionais. De acordo co anterior, soamente poderás matricularte do Módulo de Proxecto intermodular cando se estea en condición de realizar a formación en empresa tras a superación dos módulos que se cursan no centro educativo.

Nos primeiros días do proceso de inscrición a paxina web permitiu a posibilidade de seleccionar o módulo de Proxecto. Aquelas persoas que xa cubriron a mesma deberan realizar unha nova solicitude. A nova solicitude anula automaticamente a anterior.

### Os módulos profesionais deste ciclo formativo son:

MÓDULO PROFESIONAL	VALIDABLE EXENCIÓN	Validación e Matrícula
MP1651. Tráfico, circulación de vehículos e transporte por estrada	Validable	<b>Validable polo proceso de acreditación de competencias (ARA) a:</b> UC1872_3: Impartir e avaliar a formación requirida para a conducción de vehículos.

1652. Organización da formación das persoas condutoras	<b>Validable</b>	<b>Pódese validar acreditando polo proceso ARA a:</b> UC1871_3: Organizar e preparar o contexto do ensino-aprendizaxe nas escolas particulares de condución.
1653. Técnicas de condución.	<b>Exención</b>	O alumnado que <i>esteá en posesión dos permisos de condución das clases A2 E B simultaneamente</i> , rexistrado na DGT, <b>estará exento de cursar o módulo MP 1653. Técnicas de condución.</b>  <b>Se tes que matricularte no módulo poderás válidallo posteriormente se antes de avaliación final estás en posesión de ambos permisos de condución indicados.</b>  <b>Se tes que cursar este módulo, trátase dun módulo que vai requirir certa presencialidade pola parte do alumnado.</b>
1655. Didáctica do ensino práctico da condución.	<b>Validable</b>	<b>Pódese validar acreditando polo proceso ARA a:</b> UC1872_3: Impartir e avaliar a formación requirida para a condución de vehículos  <i>Cando non se valide hai que matricularse no módulo, pero <b>TEN REQUISITO NECESARIO:</b></i> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Ter superado o módulo MP1653 Técnicas de condución</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b>OU:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Estar en posesión dos permisos de condución B E A2</b></li> </ul> <b>Se tes que cursar este módulo, trátase dun módulo que vai requirir certa presencialidade pola parte do alumnado.</b>
1656. Educación viaria	NON	<b>Require inscrición e matrícula para poder cursalo</b>
1657. Seguridade viaria	<b>VALIDABLE</b>	UC1873_3: Programar, impartir e avaliar actividades de sensibilización, reeducación e formación no ámbito da seguridade viaria.
1658. Didáctica da formación para a seguridade viaria	<b>VALIDABLE</b>	<b>Pódese validar acreditando polo proceso de acreditación de competencias (ARA) a:</b> UC1871_3: Organizar e preparar o contexto do ensino-aprendizaxe nas escolas particulares de condución.
1659. Mobilidade segura e sustentable	NON	<b>Require inscrición e matrícula para poder cursalo</b>

1654. Tecnoloxía básica do auto-móbil	<b>VALIDABLE</b>	Coa acreditación de tódalas Unidades de Competencias incluídas no título, que son as tres seguintes: UC1871_3, UC1872_3 e UC1873_3
0020. Primeiros auxilios.	<b>VALIDABLE</b>	Coa acreditación de tódalas Unidades de Competencias incluídas no título, que son as tres seguintes: UC1871_3, UC1872_3 e UC1873_3 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coa posesión do ciclo completo de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería.</li> <li>- Módulo de Fundamentos biolóxicos, saúde e primeiros auxilios do ciclo formativo de Grao Medio de Condución de Actividades Físico Deportivas en el Medio Natural.</li> <li>- Coa posesión do ciclo completo de Técnico en Emerxencias Sanitarias.</li> <li>- Módulo 1337. Socorrismo no medio natural do Ciclo formativo de GM en Guía no medio natural e do tempo libre.</li> <li>- Módulo 1136 Valoración da condición física e intervención en accidentes do Ciclo de GS en Acondicionamento físico. Ciclo GS Ensino e Animación Sociodeportiva</li> </ul>
MP0179. Inglés profesional GS	<b>VALIDABLE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cursando ese mesmo módulo MP0179 noutro ciclo formativo.</li> <li>- Certificación académica oficial de nivel avanzado B2</li> <li>- Titulacións universitaria de Filoloxía ou Tradución e Interpretación da especialidade de Inglés.</li> </ul>
MP1709. Itinerario persoal para a empregabilidade I	<b>VALIDABLE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Módulo de FOL cursado noutro ciclo formativo LOE. Si o FOL é LOXE deberá aportar ademais Curso de Prevención de Riscos Laborais.</li> </ul>
MP1665. Itinerario persoal para a empregabilidade II	<b>VALIDABLE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Módulo de EIE (Empresa e Iniciativa e Emprendedora) cursado noutro ciclo formativo.</li> </ul>
MP1710. Proxecto intermodular da formación para a mobilidade segura e sustentable	<b>NON</b>	Módulo non validable. Poderás matricularte cando teñas tódolos anteriores módulos formativos e, polo tanto, estea en condicións de poder realizar prácticas en empresa.

### PROCESO DE MATRÍCULA:

- Poderanse validar módulos por ter superado o proceso de Acreditación de Competencias Profesionais (ARA), por telos superados en outro ciclo ou por cumprir requisitos específicos na normativa aplicable (Normativa da Dirección Xeral de Tráfico).
- ✚ Os prazos de matrícula ordinaria están definidos na seguinte dirección <https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-25-26-calendario>.
- ✚ Tamén se pode realizar durante o mes de setembro (1-26 de setembro) igualmente de xeito presencial no centro.

### **Documentación a aportar:**

- + Desde acreditación de competencias:
  - Certificación das Unidades de Competencia superadas.
- + Tendo superado módulo doutro ciclo que valida debes aportar certificado de notas de estudos previos.

### Lexislación aplicable

Real Decreto 174/2021, de 23 de marzo.

Real Decreto 500/2024, de 21 de mayo.

Real Decreto 208/2025, de 18 de marzo.

### Podes consultar:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/ciclo/SSSC06>

<https://cifpportovello.gal/contenidos/70/admision-e-matricula/>

<https://www.edu.xunta.gal/fp/acredita>